



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
xermade@xermade.org
www.xermade.org

**ACTA XURADO DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
"MUXER: MULLER DE XERMADE"**

En data 10/03/2021, sendo as 18.17 horas, reúnese de xeito telemático o xurado do concurso de fotografía "MuXer: Muller de Xermade".

A composición do mesmo é:

- Presidenta: **Dona Nélide Coira Pena**, Concelleira de Benestar social e Igualdade do Concello de Xermade.
- Vogais:
 - 1º **Dona Ana Anido Trastoy**, Fotógrafa e técnica de vídeo.
 - 2º **Dona Ana Guizán Pico**, Mestra de música do CEIP de Xermade.
 - 3º **Dona María González Cabarcos**, Auxiliar da biblioteca de Xermade.
- Secretaria: **Dona Lucía Guizán Trastoy**, Educadora familiar do Concello de Xermade, con voz e sen voto.

Rematado o prazo de inscrición no concurso, contamos coa participación de 28 persoas, aínda que se procede a descartar unha das candidaturas, xa que incumpre a base "2. **Temática**. *As fotografías deben estar ubicadas no concello de Xermade*", logo de confirmar que as tres fotografías presentadas por esta persoa están ubicadas fóra do concello. As demais fotografías a concurso están expostas na páxina do Facebook do Concello de Xermade.

Tras proceder o xurado a propoñer algunhas das fotografías como posibles merecedoras dos premios, e logo de valorar a importancia dun equilibrio entre criterios estéticos e de contido na elección final, o xurado, por unanimidade, decide outorgar os premios ás seguintes fotografías:

- 1º Premio: "**Sempre labrega**"
- 2º Premio: "**Nunca é tarde para aprender**"
- 3º Premio: "**Estercando na leira das patacas**"

Nélide Coira Pena

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
xermade@xermade.org
www.xermade.org

Estas obras pertencen ás seguintes persoas inscritas:

Premio	Importe	Título	Persoa premiada
1º	300 €	"Sempre labrega"	Carmen Blanco Purriños
2º	200 €	"Nunca é tarde para aprender"	Laureano de Bernardo Paz
3º	100 €	"Estercando na leira das patacas"	Leticia Alvite Pernas

O concello procederá a realizar a entrega dos diplomas así como a correspondente transferencia no número de conta facilitado pola persoa participante.

E para que conste, asinamos a presente acta.

En Xermade, a 12 de marzo de 2021.

Presidenta:

Secretaria:

Dona Nélida Coira Pena

Dona Lucía Guizán Trastoy